
RESOLUCIÓN REITORAL DO 7 DE ABRIL DE 2020 SOBRE A OBRIGA DE IMPARTIR DOCENCIA VIRTUAL NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Á vista da situación actual de alarma na que estamos, onde se agarda das institucións públicas, entre as que se atopa a Universidade de Vigo, non só un cumprimento estrito das Leis senón, asemade, un exemplo de xestión eficiente e de continuidade dos servizos que ofertan á cidadanía

Á vista do disposto na Instrución 2/2020, do 30 de marzo do 2020, da Vicerreitoría de ordenación académica e profesorado, sobre actividade docente durante o período de peche de centros debido ao COVID-19, que se axunta.

Á vista da decisión adoptada o día 6 de abril do 2020 pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia de suspender definitivamente a docencia física presencial nas Universidades do SUG no presente curso académico,

Á vista do artigo 64 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo (DOG, do 22 de febreiro) onde se indica que, entre outros, o estudiantado da Universidade de Vigo terá dereito “a) a unha formación académica de calidade, cualificada, actualizada e interdisciplinaria, que responda á adquisición das competencias e dos coñecementos vinculados aos estudos elixidos e que lle permita coñecer os distintos enfoques; propiciará, deste xeito, a autoformación do propio estudiantado” e i) “a dispor de instalacións, medios e recursos para desenvolver normalmente os seus estudos e demais actividades propias da súa formación, así como para o exercicio de todos os dereitos recoñecidos na Universidade Vigo”.

Á vista do artigo 79 dos ditos Estatutos, onde se dispón que, entre outros, son deberes do persoal docente e investigador “a) actualizar e renovar os seus coñecementos académicos, así como a súa metodoloxía pedagóxica”, así como “b) cumprir as tarefas docentes e investigadoras correspondentes, con suxeición aos procedementos de avaliación e de control da súa actividade académica”.

Á vista do artigo 37 dos ditos Estatutos, onde se sinala que son funcións dos centros “a) Organizar e xestionar a docencia dos títulos oficiais adscritos ao centro, e coordinala, supervisala e controlala”.

Á vista do artigo 57.2º dos ditos Estatutos, onde se sinala que “correspóndelle á reitora ou reitor tanto a incoación dos expedientes disciplinarios coma a súa resolución”.

esta Reitoría

R E S O L V E

Primeiro: Dar por rematada a docencia física presencial nos centros da Universidade de Vigo para o presente curso 2019/20, pasando a impartirse íntegramente de xeito virtual ata a finalización do mesmo.

Segundo: Declarar de obrigado cumprimento para o PDI da Universidade de Vigo o disposto na Instrución 2/2020, do 30 de marzo do 2020, da Vicerreitoría de ordenación

académica e profesorado, sobre actividade docente durante o período de peche de centros debido ao COVID-19, que se axunta no anexo.

Terceiro: Acordar que corresponderá aos centros notificar á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado os incumprimentos do PDI adscrito aos mesmos respecto do sinalado no punto anterior, segundo os mecanismos que estimen pertinentes.

Cuarto: Informar de que esta Reitoría poderá actuar consonte ao establecido no artigo 57.2º dos Estatutos da Universidade nos casos comunicados polos centros que supoñan un flagrante incumprimento das obrigas declaradas no punto segundo.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, pero que se computará desde o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tempo que houbera transcurrido desde a publicación da presente resolución, sen prexuízo da eficacia e executividade da mesma, consonte ao disposto no del acto administrativo objeto de recurso o impugnación, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-ley 11/2020, de 31 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes complementarias en el ámbito social y económico para hacer frente al COVID-19.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, que se computará segundo o indicado no parágrafo anterior, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor
Manuel J. Reigosa Roger

A N E X O

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO 2/2020, DO 30 DE MARZO DE 2020, SOBRE ACTIVIDADE DOCENTE DURANTE O PERÍODO DE PECHE DE CENTROS DEBIDO AO COVID-19

A consecuencia das circunstancias actuais derivadas da aparición e evolución do coronavirus COVID-19, tendo en conta a situación de estado de alarma establecido polo Real Decreto 463/2020 (BOE nº 67 do 14 de marzo), procede marcar as liñas de actuación en canto ás repercusións deste escenario na docencia correspondente ás titulacións oficiais. Por mor do exposto, a Universidade de Vigo ditou varias resolucións, instrucións e recomendacións para continuar coa súa actividade e facilitar a prestación de servizos na modalidade non presencial. Así, co fin de garantir a continuidade da actividade académica e o cumprimento dos obxectivos docentes do presente curso académico, dítanse as seguintes instrucións:

1. Obxecto e ámbito.

Esta instrución ten por finalidade regular as actividades docentes durante o período de actividade non presencial asociado á situación de estado de alarma provocada polo COVID-19. Será de aplicación a todas as materias e actividades docentes correspondentes a titulacións oficiais impartidas na Universidade de Vigo no curso 2019/20, e regula a actividade de todo o PDI que participe na docencia de ditas titulacións.

2. Docencia virtual.

- 2.1. O PDI ten a obriga de continuar coas súas tarefas docentes, adaptando dita labor ás condicións de non presencialidade actuais, e durante todo o tempo que duren as mesmas.
- 2.2. O PDI terá liberdade para decidir as ferramentas e metodoloxías que utilizará para impartir a docencia de cada materia de xeito virtual. Os centros e departamentos sómente poderán facer recomendacións a este respecto.
- 2.3. Non é obrigatorio o uso das ferramentas de docencia virtual proporcionadas pola Universidade de Vigo, se ben se recomenda o seu uso e serán as únicas para as que se proporcionará soporte técnico. A este respecto, recórdase que a ferramenta principal de docencia non presencial da Universidade de Vigo é FAITIC. Así mesmo, a Universidade puxo en marcha un conxunto de aulas virtuais asociadas aos centros para que aquel profesorado que o desexe, poida utilizalas como ferramenta complementaria.
- 2.4. Dadas as necesidades de conciliación da vida familiar e laboral que poden xerar as medidas de confinamento decretadas, na actividade docente virtual non é necesario o cumprimento dos horarios de clase aprobados polos centros, podéndose substituír a docencia en dito horario (síncrona) por outras actividades desligadas do mesmo (asíncronas). Neste casos, as modificacións non deben interferir coas actividades programadas doutras materias, permitindo ao alumnado o seguimento de todas as súas actividades. A este respecto, as direccións e decanatos dos centros deberán ser informados da decisión tomada por cada PDI, e, de ser necesario, arbitrarán as medidas necesarias para a adecuada coordinación das actividades docentes de cada curso.
- 2.5. Independentemente das ferramentas que cada profesor/a decida utilizar, deberase comunicar ao decanato ou dirección de centro calquera situación de alumnado que non dispoña dos medios necesarios para utilizar ditas ferramentas. O decanato ou dirección comunicará dita información á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado para buscar posibles solucións.
- 2.6. Na adaptación das materias á docencia virtual deberá terse en conta que a carga total de traballo do alumnado debe ser a mesma que na docencia presencial (25 horas por crédito), e que o esforzo a dedicar a cada materia debe distribuírse temporalmente ata a finalización do curso de xeito similar a como xa estaba programado.
- 2.7. Os centros deberán adaptar, de ser necesario, os mecanismos que teñan establecidos para o coordinación supervisión e control da actividade docente á situación de non presencialidade e ao indicado nesta instrución.

3. Guías docentes.

- 3.1. O profesorado coordinador de cada materia poderá facer as adaptacións que considere oportunas na guía docente, de común acordo co resto do profesorado da materia. Ditas modificacións deberán ser as mínimas posibles para adaptar as guías docentes á situación de non presencialidade, non deberán entrar en contradición co reflexado na memoria da titulación, e deberán reflexarse como un documento anexo ás guías docentes aprobadas.
- 3.2. Dado que na situación actual, a causa de problemas de conciliación e/ou conectividade, debe facilitarse ao máximo a organización do traballo de forma autónoma por parte do alumnado, as modificacións das guías docentes deberán eliminar a valoración da asistencia a clase como criterio de avaliación e deberase complementar o apartado de bibliografía con aquela que axude á autoaprendizaxe da materia.
- 3.3. Calquera modificación das guías docentes deberá ser comunicada a todo o alumnado da materia correspondente, así como ao decanato ou dirección do Centro e do Departamento.
- 3.4. O profesorado poderá comezar a seguir as guías docentes modificadas sen necesidade de esperar a que sexan aprobadas polos centro, unha vez que os decanatos ou direccións comproben que non incumpren a memoria da titulación. Así mesmo, os decanatos ou direccións estableceran o procedemento e prazos pertinentes para que estas modificacións sexan ratificadas posteriormente polo órgano correspondente dos centros.
- 3.5. Os decanatos e direccións de Centros deberán velar por unha adecuada coordinación das actividades de docentes, tendo competencias para redefinir os calendarios e programación das probas de avaliación continua do alumando, en coordinación cos profesores responsables de cada materia.

4. Actividades de avaliación.

- 4.1. O profesorado coordinador de cada materia poderá, de común acordo co resto do profesorado da materia, facer as adaptacións que consideren oportunas nas actividades de avaliación continua previstas, para adecualas á situación de non presencialidade. Ditas modificacións deberán quedar reflexadas no anexo á guía docente da materia.
- 4.2. No caso de que sexa necesaria a realización de exames finais en modalidade virtual, se ditará a oportuna resolución reitoral ao respecto.

5. Tutorías.

- 5.1. O profesorado deberá continuar realizando ás horas semanais que lle corresponden segundo a súa dedicación á actividade de tutorización do alumnado.
- 5.2. As sesións de tutorización deberán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de FAITIC, ...) baixo a modalidade de concertación previa.

6. Outras actividades académicas.

- 6.1. Calquera actividade docente presencial, incluídas as prácticas en empresa, as saídas de campo, as visitas e os actos de defensa de TFG, TFM e teses de doutoramento, deberá substituírse, de ser posible, por actividades equivalentes non presenciais. No caso de non ser posible, deberán ser aprazadas ata a recuperación da situación da actividade docente presencial habitual.
- 6.2. No caso de actividades académicas obrigatorias para a obtención de títulos habilitantes para profesións reguladas que estean suspendidas, como pode ser os Practicum ou as prácticas clínicas, se ditarán as correspondentes resolucións unha vez se decidan as solucións oportunas a nivel de Sistema Universitario Galego ou para o conxunto do Estado.

O Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado
(asinado dixitalmente)



Firmado
digitalmente por
33305656T MANUEL
RAMOS (R:
Q8650002B)
Fecha: 2020.03.30
10:53:02 +02'00'